Murmuraban
as miñas veciñas

DANI BLANCO

Murmuraban as miñas veciñas

Media ducia de contos

Limiar de Sole Felloza

Título: *Murmuraban as miñas veciñas*
Autor: *Daniel Blanco*
Corrección: *Paula Kosta*

Historias vivas recollidas para ser contadas de viva voz, aquí presentadas coma unha instantánea, coa humilde intención de que permanezan nalgún lugar.

Primeira edición: novembro de 2022

Composto con tipografía Crimson Pro a 12,5 puntos.

Impreso en Gráficas Ezponda, nas Rías Baixas.

Textos baixo licenza Creative Commons.
Poden ser distribuidos, copiados e exhibidos por terceiros amosando a procedencia. Non se pode obter ningún beneficio comercial. As obras derivadas teñen que estar baixo os mesmo termos de licenza que o orixinal.

Algúns dereitos reservados sobre as imaxes.
As imaxes que acompañan os textos teñen moi diversas orixes, polo que en moitos casos énos moi complicado acreditar a súa autoría. Mellor déixaas estar.

ÍNDICE

LIMIAR 7

CABUJA 15

GHAVOTA 29

FILOMENA 49

AURELIA 65

LIBERTAD 85

LUZ 93

LIMIAR

Disque hai tantas voces narrativas no mundo como persoas. Todas elas necesarias para conformarmos a insubstituíble tea da memoria e da identidade. Unha tea que nos enlea, e ampara a todos. Pero, aínda que de aire varudo, é feble e cada vez máis homoxénea en textura e color, nestes tempos globalizantes.

Por iso é de agradecer cando aparece un fío novo, que vén corado coa tinguidura extraída por mans que apacho-can e retorcen ata sacaren á luz as cores verdadeiras.

Un fío feito de hebras preparadas en fusos centenarios. O mesmo co que córta-la masa para facer bolos pequenos, amarras un botón que está por caer ou atas un chourizo. Ou se torna saia nova para bailar, ou en pano de loito onde agacha-las bágoas. E se, de regalo, ese fío conforma unha tea que se volve mapa, a memoria bota a andar e convídanos a ir con ela.

Por corredoiras e prados, por praias, montes, vilas e cidades; cociñas, bares e tabernas.

A Historia con maiúscula disque é cousa de homes; secasí, ó longo dos séculos, as gardiás da memoria sempre foron elas: as veciñas.

Inxuriadas, desprezadas unha chea de veces, diana de chacotas e comicidades cheas de clixés. Pero non esquezamos que son as primeiras en chegar á casa cando a morte ou a vida apancan na porta. Saben dicir máis con unha cunca de caldo que con unha frase enteira. Bulen a movelas mans máis rápido que calquera e, nun dicir amén, airean, atondan, arranxan un fogar e a túa vida e marchan sen dar chío. Quen mirar sen ver pode pensar que son tan só señoras de bata e chanqueta. Pero un bo observador, un bo escoitador, é quen de achar, entre os seus ires e vires, un verdadeiro tesouro.

Iso foi o que sentín (e máis) cando escoitei a Dani Blanco por vez primeira.

A súa voz narrativa era nova e vella ó mesmo tempo. De terra e de mar. Próximo e afastado do mundo. Agora estaba nesta beira da ría e ó minuto en Venezuela ou Nova York.

Un sherezado incombustible, caso de que existise unha muller que mataba os amantes na amañecida. As súas historias cáchante desde o vamos inicial e vante levando por onde el quere.

Dá mil voltas, maréate, énchete de imaxes, de sons, de olores, de música e déixate ós pés do remate con esa sensación no peito e nos oídos de ter viaxado a outro lugar coa cadencia dun solo de Hendrix.

Din que sobre o mar só se conta ben cando se fala sobre as súas sereas. Din que da terra, só cando se describen os camiños cotiáns da súa xente. Dani foi quen de xunta-las dúas cousas. Desde o seu con, na praia, cos pés na auga fría e a cabeza ben quente de palabras apañou os fíos de mil cores das súas veciñas e foinos sumando á tea universal.

Compilador de tabernas e patios, virouse cronista de sucesos e sucedidos.

Moitas das súas historias foron, ou podían ter sido, un titular de prensa.

Pero el soubo buscar e ler entre liñas, para nos agasallar a faceta máis humana.

Como o bo cazatesouros, non se mergullou no fondo do mar a polo galeón español, de moito brillo e pouca chicha,

non; decantouse pola barca pequena, aquela que non chamaba a atención, pero que debaixo de redes e xergón, agochaba unha belida voaxa dourada.

E, finalmente, sen facer alarde de nada, abre unha lata de sardiñas, corta pan e escoita.

Sole Felloza
Veciña de Compostela

Cangas do Morrazo
e arredores

1. A Rosada
2. Cabo Home
3. Donón
4. Illas Cíes
5. Palco da música
6. Rúa Atranco
7. Monte de Varalonga
8. Hermelo
9. Praia de Rodeira
10. Porto de Cangas
11. Casa da Bola
12. Anguieiro
13. Punta Subrido





CABUJA

En Coiro, na Rosada, había unha muller nos anos 40 chamada Maruja que, cando era nova, foi servir a Madrid. Daquela a xente tiña moitos fillos e, as máis das veces, levábanche a filla a servir a cambio de mantela, que era comida e durmida e comprarlle un vestido ó ano, sen salario, iso era suficiente. Maruja traballou na súa mocidade en Madrid e de aí veu cambiada. Algún aire lle tocou da capital que, cando volveu, volveu en corpo pero non en alma, esta quedara en Madrid. Pasara dez anos na capital do Reino e, malia que non aprendera a ler e escribir, iso non foi inconveniente para que comezara un épico cometido: a castelanización do rural galego. Despois de Hernán Cortés nas Américas, despois dos Séculos Escuros, despois de Franco, chegou Maruja, alcuñada

Círculo de amizades da Cabuja en Madrid. Ela é a que asoma entre a segunda e terceira muller da primeira fila comezando pola esquerda

na Rosada como *a Cabuja*. Chamábanlle así porque tiña catro cabuxas que ela chamaba cabujas. Escoitábase: «Cabuja, ven aquí».

Por exemplo, isto dicíao moito cando levaba as cabuxas á veiga a pastaren. Daquela había moitos animais e non había veigas e comareiros para todos, así que toda a xente tiña que levalos ó monte, ou incluso pasealos durante todo o día polos camiños para que comeran as herbas das cunetas. Toda a xente non, había unha persoa que aprendera a sobrevivir

na capital, coñecera as bondades do nacional colectivismo, que viña sendo a repartición para un mesmo. Mellor que se alimente unha cabuja ben ca vinte e cinco mal. Por iso cando na súa veiga non había herba, ela alindábaas igual, na súa veiga non habería herba pero nas do lado... Os animais non saben de fronteiras, de lindes, lindeiros, estremas, estremeiras, marcos, postes; son construtos artificiais creados polo ser humano. Sucedía entón que cando chegaba un veciño á veiga e miraba os animais comendo da súa herba, berráballe á Cabuja, pero claro, a Cabuja sempre tiña o ás para mata-lo tres, como dicía a miña avoa.

—Cabuja, ven p'aquí, ahí no, ya le dije yo que no fuera más para allá, pero no me hace caso. Cabuja aquí.

—Sempre me están comendo na miña veiga, a ver se as amarras.

—Lo que está bien ghuardado no se roba.

Frase mítica da Cabuja, entre filosófica e metafísica, que daba a entender que o home tiña que apañar toda a herba e gardala en casa baixo sete chaves, por-

MEJOR QUE S'ALIMENTE UNA CABUJA BIEN CA VENTICINCO MAL

que senón convertíase automaticamente en nacional comunal, o novo réxime inventado pola Cabuja. Os animais da Cabuja eran coñecidos en Coiro polos *Catro Xinetes da Apocalipse*; tamén lles chamaban *Os Cabalos de Atila*, porque por onde pasaban non quedaba herbeira.

A Cabuja non vivía soa, trouxera con ela unha muller de Madrid —en realidade era de Toledo, pero coñecéranse en Madrid—, a tía Mercedes. Era unha muller moi boa; era curandeira e curaba a airada, que vén sendo unha especie de mal de ollo que che bota un sapo ou unha cobra cando te mira mal. En Coiro haiche que ter coidado cos animais. A airada ten diferentes sintomatoloxías: dores de cabeza, cansazo, mal estar, vómitos, mareos, ata ás crianzas que despertan de noite e non dan durmido dinlle que teñen a airada. O método exacto, en linguaxe científica, que usaba a tía Mercedes, segundo palabras da miña nai, para cura-la airada era o seguinte: «Tumbábate e cun rosario rezaba unhas cousas, facía unha serie de movementos e unhas cruces no aire enriba túa». Isto

para casos leves de airada; cando eran casos graves, a tía Mercedes dicía que había que levar unha píntega pendurada do pescozo. Collía un tutelo dunha cana, cortábaa polo nó e baleirábaa. Logo ían buscar unha píntega, metíana dentro, íana empurrando cun pau e logo tapábana cunha rolla... e tiñas que levala ó pescozo, dependendo da doenza, ou nove ou once días, sempre días impares, ata que secaba o bicho. Logo facíase unha fogueira e queimábase. A tía Lourdes, con seis anos, mordéralle un can na perna, e dixeron que se curaba coma a airada. Levou a píntega once días pendurada, pero parece que non funcionou, porque case perde a perna. Tiveron que operala porque se lle infectara de tétano. E tía Mercedes, que era tía de corazón pero non de sangue, vivía coa Cabuja.

Suponse que cando veu para Galicia levábanse ben, aínda que ninguén recorda esa época. A Cabuja era unha muller moi difícil, tía Mercedes un amor, unha muller de Toledo que acabou falando galego e adaptándose ó rural galego. A Cabuja tiña o inimigo na casa, unha castellano hablante que vivía con ela e que se convertera ó galego. Pero como dicía ela:

A Cabuja e tía Mercedes, primeira e cuarta pola esquerda respectivamente, na Semana Santa de Madrid, circa 1950

A Cabuja e tía Mercedes na Semana Santa de Vigo, 1962

A Cabuja e tía Mercedes acompañadas por un home descoñecido no Corpus de Cangas, 1972

—Dios nos está poniendo a prueba todo el tiempo.

Por iso a Cabuja, que a parte de compartir casa compartía cuarto, porque a casa era tan pequena que tiñan un cuarto para as dúas con cadansúa cama, poñía toxos polo chan para separa-la súa parte da parte de tía Mercedes e dicíalle:

—Para que tus pulgas no vengan a morderme.

Unha precursora da castelanización no rural. A Cabuja estivo loitando pola implementación do español desde *lo más hondo*. Facía os regos nas veigas imitando a bandeira de España, dous regos estreitos e un no medio o dobre de ancho cós outros. Estabamos no ano 1975, cando morre Franco, o lider ideolóxico da Cabuja. E aí é cando a activista do nacional colectivismo sabe que o seu cometido chega á súa fin. A Cabuja emprendeu unha viaxe de ida cara á capital para despedirse do seu amado líder, para miralo por última vez. Unha viaxe que contan na Rosada, dunha muller xa vella e analfabeta, a unha cidade que mudara moito desde os seus anos mozos. Ninguén na

A última viaxe da Cabuja que ninguén presenciou (recreación)

Rosada daba un peso porque a Cabuja fose chegar a Madrid e menos *al Valle de los Caídos* para ver o Francisco Franco Baalmonte, como dicía a Cabuja. Pero ela emprendeu esa *road-movie* sen volta atrás, *en lo más hondo* sabía que esa viaxe era só de ida. Como Alfonsina Storni, a poeta arxentina que se suicidou meténdose no mar, pouco a pouco e deixando o mundo atrás mentres irremediablemente se afogaba. A Cabuja colleu o tren, o mesmo que cantara Andrés do Barro, ese tren que se dirixía *cara al sol*, foi o mar que a levou *a lo más hondo de las Castillas* e nunca máis volveu.

GHAVOTA

Na parte máis occidental do Morrazo está Cabo Home e alí, no ano 1853, construíuse un faro. Cos seus dezaoito metros é unha das torres baliza máis altas de todo o litoral galego.

Esta é a historia da última fareira: Dorinda Menduíña, *a Ghavota*. Naceu nas Cíes e de nova foi vivir a Donón, o lugar do continente máis perto das illas. Nunca casara, vivía soa e gustáballe laretar cos percebeiros que ían á Costa da Vela, tiña moita labia. Cando se xubilou Manolo *o Chimé*, o antigo fareiro, coma ninguén quería ese oficio, agarrouno a Ghavota, a fareira do faro de Cabo Home, e adorouno desde o primeiro día. O faro de referencia dos barcos que entraban na ría de Vigo.



Proxecto orixinal do Faro de Cabo Home, 1851.
Por recortes orzamentais o proxecto definitivo pasou a ser o do seu estado actual

Era o ano 1968 e pensade que daquela os barcos non tiñan radares nin sonares nin caralladas desas modernas, coma dicía o meu avó. Os mariñeiros, polo día, guiábanse pola situación das rochas, sabían onde estaba cada unha, as de terra, as da illa, e por suposto as do mar, as que estaban sempre á vista e as que aparecían segundo as mareas. E todas e cada unha delas tiñan nome: a pedra do chon, a do chanto, a do canto, a pedra de afiar, a pedra do medio, a de



Canal do Norte.
Boca da Ría de Vigo vixiada dende o Faro de Cabo Home

durmir e a pedra de despertar, a pedra dos caralletes, o altar dos carallóns, os cullóns... Tamén as usaban como triangulación para localiza-lo sitio onde pescar; delimitaban as súas marcas con intuitiva exactitude trigonométrica. Pola noite a única guía que tiñan eran os faros.

É un mito iso de que os fareiros dormen no faro, polo menos no caso da Ghavota, que ía durmir tódolos días a Donón para non perder nin unha palabra

Interior da Taberna Cabo Home na aldea de Donón, circa 1965

das últimas noticias da actualidade. Laretar era o segundo que máis lle gustaba na vida. O primeiro era James Marshall Hendrix, para ignorantes coma min Jimi Hendrix. A Ghavota adoraba a música e por riba de todo reverenciaba a Jimi Hendrix. Como ela dicía, era politeísta, porque era católica tamén. No ano 1968, había un deus aínda vivo. Era como se a un católico lle tocase vivir na época de Xesús de Nazaret, para que vos fagades unha idea. Tiña tódolos seus discos, que en realidade tampouco eran moitos, porque Jimi Hendrix estivo activo só tres anos ata que morreu, e Xesús de Nazaret predicou só tres anos, ata que o crucificaron. Aí tedes máis similitudes. A Ghavota por ter ata tiña a súa propia guitarra eléctrica co seu amplificador *Marshall* que facía treme-los cimentos das casas de Donón; logo levouna ó faro por petición comunal da aldea. Así, converteuse, se xa era a primeira e posiblemente a última fareira, na primeira e única fareira en toca-la guitarra eléctrica. A fareira rockeira. Autodidacta tamén coma Hendrix, aprendeu a toca-los temas míticos do de Seattle. Trasladou o seu local de ensaio ó faro de Donón, de dezaoito metros de

altura, branco, impoluto, coa porta de ferro azul e tres xanelas da mesma cor. Entrar alí era teletransportarse a outro mundo, a medio camiño entre os lobos de mar do século XIX e un museo de Jimi Hendrix. Nada máis entrar había unha estancia redonda chea de debuxos feitos a man pola Ghavota que retrataban o Mesías de Seattle, a súa guitarra e as portadas dos tres discos. A Ghavota tiña un don para o debuxo coma Hendrix para a guitarra. Debuxaba con letras, palabras, pequenas, grandes, extraídas das cancións de Hendrix, e entre todas compoñían a pintura, coma un mosaico. Había tamén unhas escaleiras de pedra, en forma de caracol. Compostas de setenta e nove chanzos, número primo, contados pola Ghavota varias veces; levaban, despois de abrir outra porta azul, ó interior dunha estancia onde estaba a luz do faro no centro, rodeado por unha cúpula. Fronte á lámpada, situábase o cadro de mandos e unha cadeira na que había apoiada unha guitarra *Fender Stratocaster* e un amplificador *Marshall* de 300W. O traballo de fareira é solitario, séntaste alí, tes unha serie de notas coas horas da chegada dos barcos, prénde-la luz e a esperar que todo vaia ben.

A zona da Costa da Vela ten a característica de que hai moita néboa, por iso o faro, á parte da luz da baliza, tamén ten unha sirena coñecida no argot fareiro como a Vaca de Fisterra, coma a do mítico faro da Costa da Morte. Unha sirena que instalaran a posteriori da construción do faro, cando se decataron, tras varios naufraxios, de que a luz non chegaba.

A Ghavota pasaba os días en Donón e as noites no faro traballando e mellorando o seu *slide* de guitarra. Ela era feliz, nun faro rara vez hai contratempos, había que segui-los protocolos e nada máis.

Esta era a introdución, alargóuseme un pouco.

DÍA DOS FEITOS:

25 de decembro de 1968, Nadal, o día que se celebra o nacemento de Xesús de Nazaret. Aquí vou facer un paralelismo entre o deus Hendrix e a profeta a Ghavota. Empezo ás cinco da tarde, para non empe-

zar polo almorzo que se non alárgome moito e xa me alarguei de máis na introdución.

17:00

Hendrix aterra en Palma de Mallorca, onde ía da-lo seu primeiro e único concerto en España. Chega de Suecia acompañado por dúas impoñentes escandinavas, isto é o que di a prensa da época —podemos arriscar, sen temor a equivocarnos, e dicir que as escandinavas eran de Suecia—. Nese intre a Ghavota

Imaxe anunciadora do concerto publicada na prensa local de Palma de Mallorca

entra ó seu lugar de traballo empurrando pola porta enferruxada da salitre.

17:15

Hendrix sobe a un coche e diríxese á sala Sgt. Peppers; a Ghavota séntase no posto de mandos e mira as súas notas pensando en Hendrix, mais non coma tódolos días, porque a Ghavota sabía do concerto que ía dar o de Seattle en Mallorca. O que pasa é que a entrada costaba un soldo da época en Mallorca, dous en Galicia e tres se ademais unha era fareira e muller. Non puido ir, claro.

17:40

Jimi chega á devandita sala mentres a Ghavota acende o faro, nun día especialmente neboento, polo que o pon a máxima potencia.

18:00 da tarde ou da noite

Hendrix toma unha cervexa mentres se nega a facer probas de son porque di que as probas son para os perdedores e a Ghavota, a pesar de ser un día con

moita néboa e de que o poña o protocolo, tamén se nega a proba-la Vaca de Fisterra, porque é politeísta e practicante.

18:30

Noel Redding, Jimi Hendrix e Mitch Mitchell diante da sala Sgt. Pepper momentos antes de comeza-lo recital

Empeza a entra-la xente na sala, mentres no faro non entra ninguén —aquí non atopei ningún parecido, pero son os datos e hai que poñelos—.

19:30

Comeza o concerto á hora estipulada, con trinta minutos de atraso, co tema *The Wind Cries Mary*. O público sentía estar vivindo algo único, algo histórico, eses punteos de Hendrix que lle furaban o corazón, como se cada unha daquelas notas tocara tódolos chacras, de cada unha das persoas que estaban alí; un orgasmo continuo no que os corpos astrais sobrevoaban a praia de Es Trenc, nunha orxía colectiva... a todo isto as drogas tamén axudaban, claro.

Mentres tanto, a esa mesma hora en Cabo Home a Ghavota imaxina que o faro, esa luz de catorce quilómetros de alcance, prolóngase máis aló e lévaa á praia nudista de Es Trenc para participar nesa bacanal... A soidade, a imaxinación, tamén son drogas potentes.

20:30

Hendrix vai pola metade do concerto, agora mesmo ten a súa *Fender Stratocaster* branca nas costas e toca *The Burning of the Midnight Lamp*, onde di:

There's nothing left here to lead me,
but the velvet moon.
All my loneliness I have felt today.

Non fica nada aquí para guiarme,
máis que a lúa de veludo.
Toda a miña soidade que sentín hoxe.

A Ghavota síntese soa, mira para esa lúa de veludo, cuberta parcialmente polas nubes, enchufa a súa guitarra, o *Marshall* de 300w, e fai casualmente o mesmo punteo que fixera este ó principio do concerto co tema *The Wind Cries Mary*, co unha hora exacta de diferencia. A hora exacta na que soaría esta canción se tivesemos unha hora menos nos reloxos. Deste xeito, a Ghavota estaría reivindicando, sen sabelo, o cambio de hora da Galiza ó horario portugués. Porque, como pode ser que en Mallorca, que está a máis de mil quilómetros ó leste, teñan o mesmo horario ca nós e



Jimi Hendrix desempeñándose sobre o escenario da Sgt. Pepper

non Portugal que está aquí ó lado? En realidade, esta é unha interpretación miña. Foi casualidade. Non quixo propoñer nada.

21:00 da noite hora mallorquina, e galega, polo momento

Jimi, en éxtase, préndelle lume á guitarra mentres a xente corea o seu nome. No xa famoso Faro da Costa da Vela, a néboa faise intensa, non se ve a dous pasos. A Ghavota ten anotada a entrada dun barco: é O Cantero. Como é unha muller de seguir protocolos, e o protocolo indica que en caso de néboa hai que prende-lo sinal auditivo, diríxese a prende-la sirena, pero a Vaca de Fisterra non vai; como di ela, xa non berra. Inténtao varias veces ata que desiste. É o que ten non face-las probas de son. Hendrix, despois de rompe-la guitarra, colle outra e continua. A Ghavota non ten outra sirena, a pesar de que non a rompeu ela, non pode coller outra. *O Cantero* xa pasou as Cíes e, con tanta néboa, a luz do faro é como acender un chisqueiro na noite.

21:15

O barco debe de estar moi perto de terra, vai ocorrer un naufraxio, outro máis nunha costa especial-

El "Ave del Mar" chocó contra unas rocas

Hombres-rana tratarán de rescatar los cadáveres que puedan hallarse en el interior del barco hundido

VIGO, 11. — Numerosos barcos recorren hoy las inmediaciones del lugar donde ocurrió ayer la catástrofe al barco pesquero "Ave del Mar" en que perecieron sus 25 tripulantes. A primera hora de la tarde regresaron algunos de dichos barcos sin hacer encontrado más señales que restos del aparejo

lencia a las familias de las víctimas. También el alcalde de dicha villa recibió un telegrama del Gobernador civil de Pontevedra y del Presidente de la Diputación, que accidentalmente se hallan en Madrid, rogando testimoniase su pésame a los familiares de las mencionadas víctimas y que se les atendie-

Luis Fontanes, acudiendo también, entre otros representaciones, el patrón mayor de la Cofradía de Pescadores de Vigo-Teis, don Santiago Guisande, Cofradía que dedicó a los marineros muertos una gran corona de flores, en homenaje a los compañeros caídos en ac-

SOLO NUEVE SALVARON LA VIDA

VEINTISIETE TRIPULANTES DEL «MARBEL», SE DAN POR DESAPARECIDOS

SIETE HOMBRES DESAPARECIERON AL NAUFRAGAR UN SARDINERO A LA ENTRADA NORTE DE LA RIA

«EL NUEVO VIVI», DE CANGAS, FUE ABORDADO Y HUNDIDO POR EL «JULIO VIEIRA», DE LA MATRICULA DE VIGO

ENTRE LOS PESCADORES DESAPARECIDOS FIGURAN EL PATRON-ARMADOR Y EL MOTORISTA

Esta páxina e a seguinte: Recortes de prensa da época facéndose eco dos naufraxios acaecidos no entorno de Cabo Home

mente castigada e onde moitos homes quedaron. Vai se-lo primeiro para a Ghavota, séntese responsable, é a primeira vez na súa vida que quixera ser unha Ghavota de verdade para saír voando e avisa-la tripulación. A esa hora en Mallorca, Jimi, alleo á traxedia, remata o concerto dez minutos antes do previsto, tocando o seu gran hit *Purple haze*, que di así:

Purple haze, all around
Don't know if I'm comin' up or down
Am I happy or in misery?

Néboa púrpura ó meu redor
non sei se sobe ou se baixa
Son feliz ou estou na miseria?

A esa mesma hora, nese mesmo intre, á Ghavota acórdalle ese tema de Jimi, que relaciona coa situación actual e intenta algo desesperado: abre tódalas xanelas do faro, pon o amplificador *Marshall* ó máximo da potencia e toca ó mesmo tempo que o fai Jimi na Stg Peppers en Mallorca, a máis de mil quilómetros de distancia, *Purple Haze*, rompendo aquí o cambio horario que propuxera unha hora antes, non?, cando tocara con unha hora de diferencia *The winds cries Mary*. Mentres, no Cantero, os mariñeiros flipan cunha música que parecía vir do ceo, mais que fixo que o barco se alertase e cando ía encaiar esquivase o perigo e evitase o naufraxio. Jimi soaba en toda a Costa da Vela, e mesmo na aldea de Donón, que despertou co barullo e pensou que a Ghavota tocaba na súa casa, de tan alto que estaba. A Ghavota rematou o tema e sentouse. Exhausta, aínda co medo no corpo. Deixou a guitarra, apagou o ampli e descansou. O deus Jimi Hendrix, que fixera un milagre a máis de mil quilómetros de distancia, sen sabelo, como fan os deuses, foi aclamado polos seus seguidores e foi descansar tamén. Pedíronlle outra, mais volveu dicir: «os bises son para os perdedores». E desde ese día en Donón, para recordar ese non naufraxio, ese milagre, no medio de tódalas panxoliñas típicas do Nadal, en cada casa da aldea de Donón, o Hío, Cangas, cada 25 de decembro, o día de Nadal, sempre soa, polo menos unha vez, *Purple Haze* do deus, Jimi Hendrix.

FILOMENA

Filomena, tipa peculiar, por sorte para ela. Se fose normal non aparecería nestas liñas. A súa afección comezou sobre os sete anos, ninguén recorda o tempo exacto; para ela, desde sempre. Déuselle por collerlles ós pais unha daquelas barallas que che agasallaban por abrir unha conta na Caixa de Aforros e, nunha versión do tarot anterior a Jodorowsky, léulle-lo futuro ás súas amigas. A baralla estaba toda dobrada de xogar á birisca e faltábanlle a sota de bastos, o catro de espadas e o tres e catro de ouros. En cambio, tiña un *joker* que non era desa baralla. A ela tanto lle tiña, e ás amigas tamén. Pode dicirse que deseñou de maneira azarosa, mais deseñou, unha baralla para bota-las cartas. Podería tratarse dun xogo máis dunha nena, se non fose porque

un día Filomena acertou. Era un vintetres de agosto e a vítima, neste caso, era María, amiga de Filomena. Como tódolos días, Filomena e as súas amigas reuníanse no palco da música, o que está na Alameda Vella de Cangas, e alí montaban toda o parafernal esotérico. As nenas facían preguntas e Filomena contestábaas, ó través desas cartas que no domingo valían para a escoba, o *cinquillo*, o tute, o mus, o reló, cantar, arrastrar, facer castelos, e o resto dos días para adiviña-lo futuro.



Baralla empregada por Filomena nos seus primeiros contactos coa cartomancia

Acercábanse as festas do Cristo de Cangas e María pediulles ós pais se podía ir soa coas amigas. Os pais de María foran pais xa de vellos e levaban os costumes de antes ó máximo expoñente. Cando chegaban as festas, recluían a María no seu entorno máis próximo, que consistía naquel que o pai alcanzaba a chegar co brazo estirado. Dicían que era perigoso e que, con tanta xente, podía perderse. Por iso cando Filomena lle dixo a María que ía poder ir sen os pais á festa, as demais interpretaron que se trataba dun intento de Filomena por animar á amiga. Ninguén acreditaba que Filomena fose acertar, e non se sabe se foi cousa do azar ou que a baralla, coas súas catro cartas de menos e unha de máis, falou. O conto é que unha serie de circunstancias estrambóticas que imos resumir fixo que María puidese ir á festa soa. A nai de María esqueceu as chaves na da irmá, que estaba preñada. Cando entrou pola porta, empezáronlle as contraccións, por suposto a preñada non a nai de María, así que alá foron para o ambulatorio. Mentres, o pai de María foi correndo a avisa-lo pai da criatura, que nese momento estaba traballando na fábrica de Massó. Foi esta serie



Cartaz anunciador das Festas do Cristo dese ano

de circunstancias o que fixo que finalmente María quedase soa e puidese ir coas amigas á festa.

Un ladrón non pode perder nunca, se perde unha vez, a policía tríncao. No mundo máxico, podes equivocarte as veces que queiras mais, como acertes unha soa, convérteste en adiviña. É un mundo no que non penalizan tanto os fallos. Hai marxe de manobra. Este

primeiro acerto sería o detonante de Filomena: a primeira pitonisa do Morrazo.

Un neno ten que segui-la vocación e, se ten un don para algo, pois hai que apoialo. Non era o caso dos pais de Filomena que non querían escoitar falar nada de artes máxicas nin de tarot. Cando falou co pai ó respecto, este dixo: «Como volvas colle-las cartas, quéimoas e córtoche as mans». Filomena non vía aquilo con boa cara, o mundo estaba perdendo unha nova Nostradamus. Por que o banco lles dera ós pais unha baralla por abrir unha conta e a ela un peto con forma de porquiño? O mundo non era xusto.

A oposición dos pais non acabou coa súa vocación, porque Filomena descubriu que se podía le-lo futuro con máis cousas que unha baralla. Estaban os pousos do café, os números, a firma... o porvir estaba escrito practicamente en calquera cousa. Isto abríalle un mundo de posibilidades. Ela empeza a le-los envoltorios dos chicles que compraba á volta do colexio. Foi a súa etapa doce, que correspondeu desde os oito ós quince anos. A esta idade di que nun deles adiviñou a morte de Franco poucas horas antes de morrer. Anos

máis tarde acabaría recoñecendo que en realidade foi segundos antes de que anunciaran a morte, cando saíu o vicepresidente do goberno Arias Navarro. Foi unha intuición máis que unha premonición, ó ve-la mala cara que tiña aquel home na tele. Despois viría a etapa das tapas dos iogures e, cando se fixo maior de idade, como non acertaba moito, volveu ós seus inicios: a baralla. Foi ó banco, tal e como fixeran os seus pais, abriu unha conta cos poucos aforros que tiña de traballar na fábrica de conservas de Cervera e exixiu, a aquel home baixiño que atendía, a súa baralla de cartas. Deulla e alí mesmo, no banco, tirou coa sota de bastos, o catro de espadas e o tres e catro de ouros, diante daquel home con mirada atónita; sacou do peto o *joker* da vella baralla e comezou a barallar.

Nese mesmo ano morrerían o seu pai e a súa nai, predicindo a morte de ámbolos dous, pero trabucándose na orde. Por iso, cando foi xunto ó pai e lle comunicou a súa inminente morte, este botouna de casa. Algunha xente di que a nai, ó saber que o seu marido bota a súa única filla da casa, non soporta tanta dor e morre do desgusto. Coa morte da nai, o pai foise

Estado actual do número 3 da rúa Atranco, practicamente exacto a como se atopaba cando Filomena o usaba coma consultorio esotérico

apagando pouco a pouco e tamén morreu. Acababa de cumprirse a predición de Filomena. En Cangas, onde non se ten moi en conta a orde das cousas, isto considerouse un acerto total e correuse a voz. O caso é que coa morte dos pais, e ó ser filla única, convertería o número tres da rúa Atranco na casa de esoterismo e artes ocultas.

Ano 1979. Ós tres meses xa había lista de espera. Filomena tivo que investir nunha axenda nova e cambiarlle ano 1979 por ano 1980, porque aínda era abril e non daba conseguido axenda do ano seguinte. Era

o dixomedíxome de todo Cangas e Filomena, como o negocio ía tan ben, acabou deixando a fábrica de Cervera para dedicarse en exclusiva á súa paixón, para desenvolve-lo seu don. Non tiña acertos importantes, mais tampouco se lle tiña en conta, xa acertara o suficiente, iso si, tiña os seus pequenos logros.

Disque unha vez que viñera un circo a Cangas, comentáralle ó fillo da Chambelana que non se achegara moito á gaiola dos monos, que era perigoso, e esa tarde un dos animais fuxiu, entrou na igrexa e esnaquizou a imaxe de Noso Señor. Estabamos en Semana Santa e isto foi soado en Cangas. Nun Nadal díxolle a Carmelita o número da lotería do gordo e non acertou o número completo, pero si a terminación e Carmelita tivo o reintegro. Outra vez parece ser que pasou por diante da casa da Pechencha e chamou ó timbre para que metera a roupa para dentro que ía chover. Esta recolleuna e, efectivamente, esa tarde caeu un cairo bo. Un pouco que oía e outro que intuía, coa cantidade de predicións que facía, pois ía acertando.

Pasquín que repartían Filomena e as amigas por buzóns e limpaparabrisas da vila

A súa influenza en Cangas ía medrando cada vez máis. Homes e mulleres pasaban pola súa consulta, e ela facía recomendacións para sobreleva-las penurias que escoitaba desa pobre xente: se é mellor que déixe-lo traballo; que ese non che convén; que se o teu marido anda con outra e diche que está na taberna; se é mellor que o deixes, que esa relación non te leva a ningún sitio. Un pouco que escoitaba de aquí, outro pouco que inventaba de alá, máis que premonicións, eran recomendacións. Na primeira parte da década dos 80, rompéronse moitas parellas e fixéronse outras que logo foron pais, grazas ás intervencións que facía

Filomena. Mudou moito o carácter do pobo. Hoxe pode dicirse que, en parte, Cangas é a que é grazas... ou a pesar de Filomena. Houbo un momento en que gobernaba ela máis có alcalde. Houbo un día en concreto polo que Filomena é recordada como a gran pitonisa de Cangas.

Resulta que unha mañá, o fillo da Pechencha, ese ó que lle dixera que non se achegara á gaiola dos monos, desapareceu. O rapaz era moi traste e sempre andaba a argallar maldades. Pois ese día non foi á escola e tampouco foi xantar. A Pechencha, encarnada por dentro e por fóra, en vez de ir á Garda Civil acudiu a Filomena. Esta faloulle da radiestesia, que parece ser que é a técnica que usan os zahorís para atopar auga, mais tamén se pode usar para atopar persoas. Pediu que lle trouxeran unha peza de roupa do rapaz; alí foi a nai buscala. Trouxo unha camiseta e un pantalón todo comido polos xeonllos, mais parece que valeu. Logo pasoulle un péndulo por riba da roupa, este comezou a oscilar primeiro en círculo e logo de

EL PUEBLO GALLEGO

SUCESOS EXTRAORDINARIOS

VECINA DE CANGAS
HALLA JOVEN DESAPARECIDO
VALIÉNDOSE DE BRUJERÍA

¿Estamos ante una nueva María Soliño?

Titular publicado en El Pueblo Gallego (19/05/79). Un dos moitos xornais que cubriron o excepcional suceso

adiante para atrás. Con esa oscilación sacou un mapa de Cangas, feito a man por Filomena, polo que non era moi fiel, e o péndulo apuntou a zona de Varalonga sen moita máis precisión. Varalonga é un monte da parroquia de Darbo no que nos anos 80 estaba situado o vertedoiro municipal. Alí levábase toda a merda susceptible de ser almacenada e queimábase toda xunta. Cando Filomena sinalou aquel lugar, a Pechencha pensou no peor: que mataran o fillo e que o levaran a Varalonga. Alá foi todo o mundo e efectivamente atoparon o rapaz, tirado no medio daquel vertedoiro, inconsciente, e leváronno para casa. O día seguinte o rapaz dicía non lembrarse de nada e non saber como chegou alí. Filomena foi recordada e recoñecida por todo o mundo en Cangas desde esa.

Cando escribín o conto, quixen coñece-los detalles e moitas veces isto é bo, mais outras non tanto. Este último é o caso porque para min caeu o mito de Filomena. Ese rapaz chamado Javi, que agora ten corenta e sete anos, contoume en *petit comitté* que esa tarde, en realidade, estaba no eido do cura de Coiro, fóralle ás uvas, e pasara toda a mañá alancando polas veigas

e rompendo manguetas, por divertimento como dicía miña avoa.

—Veume avisa-lo Paco, que andaban a buscarme e contáronme que ían a Varalonga, que a Filomena dixera que estaba alí. Como non se me ocorreu nada mellor que facer, fun correndo a máis non dar e cheguei antes ca eles. Tireime no chan, no medio daquela porcallada, fíxenme o durmido e esperei a que viñeran. Grazas a iso libreime dunha boa.

Mais quen quere sabe-los detalles? Facede que non escoitastes isto último e valla este conto como homenaxe á gran pitonisa morracense que un día atopou un rapaz perdido e tamén acertou a terminación do gordo de Nadal.

AURELIA

Tempo:

Corentena do coronavirus, mes dous.

Personaxe:

Home A, cincuenta e cinco anos, fisionomía delgado tirando a moi delgado, segundo se mire.

Chega a unha leira, parroquia de Hermelo, concello de Bueu. Cando chega nota algo raro na leira, parte das patacas que plantara agora están na veiga do lado. Está seguro de que as plantou el. Pode ser que teña o coronavirus e este sexa un síntoma. Pecha os ollos, dá media volta, camiña vinte metros cara atrás e volve face-lo mesmo percorrido. Chega outra vez á súa leira, pero as patacas seguen na da veciña. É máis, a súa leira parece máis estreita do habitual. Mírase a si mesmo, por comprobar se ese repentino estreitamento do eido era extensible ó resto do mundo, pero como el mesmo é un espicho, non percibe diferenza ningunha. Fita entón para un castiñeiro que está no linde da súa leira. O castiñeiro segue igual de gordo pero agora tampouco está na

súa leira, sufriu o mesmo efecto que as patacas e está na leira do lado. Algo raro está pasando, pensa. Vai a casa a busca-la Muller A. Volven os dous para aló. A muller confirma as sospeitas do home, ela ve o mesmo. O home queda máis tranquilo, non pode se-lo coronavirus, a súa muller tamén o ve. En milésimas de segundo pensa: «Igual a miña muller tamén ten coronavirus». Volve preocuparse aínda máis. A muller ten unha teoría que co paso do tempo vaise confirmar: moveron os lindes. A primeira sospeitosa é a veciña, imos chamarlle a Beneficiaria. A Beneficiaria por partida triple: ampliara a súa veiga, conseguira un castiñeiro e movera os lindes xusto antes da colleita, para non ter que planta-las patacas.



Personaxes:

A Beneficiaria, muller duns setenta anos, botándolle a ollo. Un ollo que lle faltaba; en realidade non lle faltaba, tíñao de cristal. Presupoñemos que o perdeu porque ninguén se saca un ollo para poñer un de cristal.

Mascota, un corvo que falaba e que levaba solto. Voaba e volvía ao seu ombro a pousarse.

Dato necesario para continuar a historia, o corvo peteiraba.

Muller A e Home A sabían onde vivía a Beneficiaria, mais tamén sabían que o corvo vivía con ela. Sacho nunha man e fouciño noutra, aí os van. A Beneficiaria vivía a uns vintecinco metros da súa casa tirando polo alto, polo baixo era a casa do lado. A Beneficiaria tiña un eido con galiñas, galos, un pombal, faisáns e dous pavos reais —vese que era moito de aves—. Diríxense cara á casa da Beneficiaria. Non chaman ó timbre, nin golpean o

portal verde de aluminio, berran o nome de Aurelia. Aquí xa lle podemos deixar de chama-la Beneficiaria para chamarlle Aurelia. Aurelia sae da casa, non sae soa, o corvo tamén vén.

—Quen é?

—Son Lucía —responde Muller A.

—Que queres?

—Volviches mover os lindes. —responde Home A.

De aquí sabemos que Home A non é un premio Nóbel, porque se non era a primeira vez que lle movían os lindes, que lle fixo pensar que miraba mal e tiña o coronavirus?

—Eu non movín nada, os lindes están onde sempre.

Difícil de soster, tendo un castiñeiro de referencia.



—Imos chama-la Garda Civil. —responde Lucía.

O portal non se abre, pero aínda así o Corvo voa por enriba do portal e comeza a peteirar a Home A e a Lucía. Home A intenta defenderse co sacho e co fouciño e nesa loita co animal, lonxe de mancalo, máncase a si mesmo no brazo co fouciño e a Lucía co legón.

—Máis che valía estar quieto. —di Lucía, con razón, que se queixa dunha dor na perna.

Vinte minutos despois chega a Garda Civil.

Despois de falar co Home A e Lucía, que os poñen ó día, múltanos por iren xuntos á veiga e van falar con Aurelia. Eles non saben do Corvo, nin tampouco foron advertidos. Como represalia pola multa, o Home A e Lucía deciden non contarlle nada. Repítese a operación.

A parella de gardas civís chega ao portal de Aurelia.

—Aurelia, sal. Somos la Guardia Civil. —berra o Garda Civil A.

—Non estou. —responde Aurelia desde dentro da casa.

—Que salgas ya! —berra agora Garda Civil B.

—Xa che dixen que non estou.

—Si no sales tú, vamos a tener que entrar nosotros a sacarte. —volve dicir Garda Civil B.

Aurelia sae ao eido e tamén sae o Corvo.

O *Corvux Corax*, da familia dos córvidos, é un dos animais máis intelixentes do planeta. Nalgúns experimentos feitos, demostrouse que pode resolver problemas que unha crianza non dá resolto ata os sete anos. O Corvo non coñece de lindes e volve voar por riba do portón e comeza a peteirar no Garda Civil A e a Garda Civil B indistintamente. Estes protéxense primeiro coas mans, logo intentan atrapa-lo paxaro sen éxito e despois de varios minutos sendo agredidos, o Garda Civil B saca a pistola regulamentaria e pega un tiro. Resultado: Garda Civil A cae ó chan. O Corvo segue peteirando en Garda Civil A, a pesar de estar este indefenso. Garda Civil B, en estado de éxtase, fai un segundo intento e mata a Garda Civil A. El non sabe que está morto e chama a ambulancia, que chega en quince minutos e confirma o finamento. Garda Civil B chama ós reforzos. Aurelia aínda non saíu do seu eido e xa ten dous feridos e un morto ás súas costas, cando saia vaise liar unha gorda.



Pasan sete minutos e chegan catro coches máis da Garda Civil. Agora toda a Garda Civil do concello de Bueu está no portal de Aurelia. Garda Civil B cóntalle o do Corvo ó resto de garda civís e en estado de shock aínda, acompañado por Garda Civil C. Entran en acción Garda Civil D, Garda Civil E, Garda Civil F e Garda Civil G, mentres Garda Civil H, Garda Civil I e Garda Civil L van ser os que queden fóra esperando. Garda Civil D intenta



abri-lo portón e decátase de que está aberto, fai un aceno a Garda Civil E, Garda Civil F e Garda Civil G para que entren con el no eido de Aurelia. Os catro están dentro. No eido, á parte dalgunha froiteira, están o resto de animais de Aurelia: as galiñas, o par de galos, os faisáns e os dous pavos reais. Nada máis entrar, Garda Civil D, no momento en que se xira e invita a entrar ós outros tres, é atacado polas costas por dous galos que lle peteiran na cabeza. Garda



Civil D consegue coller un polo pescozo e estampalo contra a pereira, mais o Galo B non se desprende do Garda Civil D, que o ten pegado coma unha lapa. Vai directamente ós ollos, conseguindo peteirarlle nun e deixándoo cego dese ollo. Agora Garda Civil D está nas mesmas condicións que Aurelia. Sae do eido correndo e Garda Civil H, Garda Civil I e Garda Civil L, que quedaran fóra, ó velo sangrar, sacan as súas pistolas regulamentarias porque isto non é cousa de broma.



Volven chama-la ambulancia que xa marchara. Como esta non estaba lonxe, só tarda cinco minutos en vir. Mentres tanto, dentro, as galiñas, animais de índole pacífica, comezan a voar sobre Garda Civil E e Garda Civil F. Galo B volve entrar en acción, co apoio loxístico dos faisáns. Ó ver aquela masacre, Garda Civil G, que é o outro que está dentro, agóchase detrás da pereira ó lado do cadáver de Galo A, pensando que está a salvo. Garda Civil E e Garda Civil F están en inferioridade numérica e intentan



fuxir; o portal péchase co vento. Fóra chega a ambulancia. Escóitanse berros de desesperación, que veñen do eido de Aurelia. Chaman a unha segunda ambulancia. Garda Civil G, que estaba agochado detrás da pereira, ve que as aves seguen peteirando nos corpos que xacen no chan dos seus compañeiros. Presa do medo intenta fuxir. Pero cando dá a volta atópase cara a cara con Pavo Real A e Pavo Real B. Non dubida en saca-la súa arma e disparar ós animais coma se fosen delincuentes dunha banda organizada búlgara. Baleira o seu cargador con tan mala sorte que unha das balas rebota na placa de metal co número trinta e tres que está na porta de Aurelia, volve contra el e dálle na fronte. Xa hai que ter mala sorte, pensan os pavos reais. Garda Civil H, Garda



Civil I e Garda Civil L que están fóra, escoitan o disparo e berran ó unísono: «Compañeros!», pero ninguén contesta.

Garda Civil H, Garda Civil I e Garda Civil L entran no denominado, a partir de agora, *eido da morte*. Conseguen desfacerse das galiñas e dos faisáns e sacan fóra a Garda Civil E e a Garda Civil F. A ambulancia leva a Garda Civil D sen un ollo, e a Garda Civil E e Garda Civil F inconscientes.



E por se acaso, chaman outra; isto non rematou. Garda Civil H e Garda Civil I chaman ó timbre de Aurelia, mentres Garda Civil L, de costas á porta, vixía atemorizado coa súa pistola na man. En todo este tempo a Galo B deulle tempo a da-la volta á casa de planta baixa, subir ó tellado e lanzarse sobre Garda Civil L que dispara sen éxito. Galo B esta vez xa vai directamente ó ollo, coñece o punto fraco. É a súa terceira vítima nun día, superando a marca persoal do Corvo que só levaba dúas. Garda Civil H e Garda Civil I non saben que facer, se atende-lo seu compañeiro ferido ou seguir coa operación. Reforzos non poden pedir, foron con todo. Volven timbrar.



—Quen é? —escoitase dende dentro e non é a voz do Corvo.

—Salga con las manos en alto.

Garda Civil H mira cara á pereira e decátase de que Garda Civil G está morto no chan e está a ser comido por dous pavos reais. Ante esa imaxe grotesca ponse aínda máis nervioso e comeza a vomitar. Aurelia nin tan sequera saíu da casa e tan só quedan





dous gardas civís. Nese momento de tensión chegan o Home A e Lucía berrando:

—Foron os nenos! Foron os nenos!

Garda Civil H mira para eles.

—Foron os nosos fillos os que moveron os lindes. Foi todo unha broma.

Garda Civil I rompe a chorar. Garda Civil H, que botou todo o que tiña fóra, entende agora por que ós nenos non os deixan saír na corentena. Intenta consolar a Garda Civil I, pero tamén chora. Nese momento abre a porta Aurelia, o Corvo vai con ela.

—Que pasa? —di Aurelia, con razón, ó ve-lo seu eido cheo de sangue.

Garda Civil H e Garda Civil I seguen chorando.



—Pois isto a ver quen o limpa —di Aurelia dando un golpe á porta tralo que volve entrar na casa co Corvo.

Escóitase que prende a tele. Fóra seguen chorando. A tele, o medio polo que coñecería Aurelia o día seguinte o que pasou no seu eido. A xustiza das aves.



LIBERTAD

Cheiro a salitre. As gaivotas veñen xunto o Cantero que se achega ó porto. A bordo vai O Rincha, que xa está xubilado pero ten que facer un *changüí* extra —a pensión non chega—. En terra amontóanse as caixas de bolos e fanecas e as redeiras cosen a velocidades inhumanas coa asombrosa precisión dun reloxo suízo. Entre elas está Libertad, filla de Antón e Luísa, afiliados á CNT que loitaron pola liberdade no 1936, aínda que non a conseguiron. Tiveron unha filla e puxéronlle ese nome por nostalxia de algo que non puideron chegar a ter; dalgún xeito a filla deulles a liberdade. Antón non lle quería poñer Libertad, porque dicía que a liberdade é algo grande, pero Luísa argumentou que no mundo

no que vivimos fan falta moitas liberdades, grandes e pequenas.

A pesar de vivir no franquismo, Libertad tivo unha infancia moi feliz. Xa de moza seguiu o oficio da súa nai e fíxose redeira. Traballaba desde o raiar do sol ata o solpor. Cosía as redes que traían os mariñeiros do cerco pola mañá e pola tarde asollábaas na praia de Rodeira. Daquela, as redes eran de algodón —aínda non chegara o nailon— e rompían con facilidade. Ademais, como viñan enchoupadas, pesaban un quintal. Libertad vivía soa, despois de que Luísa e Antón morreran. Soa non, vivía coa súa familia: catro gatiñas negras ás que quería moito. Non tiña tempo de divertirse: saír, pasear, quedar coas amigas. Só traballar e durmir.

Única foto que se conserva de Libertad. Afírmase que é a nena do fondo, acompañando aos seus pais Luisa e Antón mentres fan un xornal na recollida da pataca

Nestas duras condicións, nesta vida dura, cando coñeces alguén, tamén se enchoupa desa miseria. Chamábase Manuel, mariñeiro de profesión e putero de vocación. Pediulle que casara con el e, desde entón, Libertad só conservou da liberdade o nome. Manuel andaba no Gran Sol. O mes que botaba en terra, ela tiña que deixar de traballar para atendelo. Manuel non aturaba as gatas de Libertad e pegaba nelas. Facíalles pasar todo tipo de calamidades: queimábaas coas cabichas de tabaco de contrabando ou deixábaas durmir fóra e quitáballe-la comida. Libertad pasábao mal mal, sufría na súa pel o que Manuel lles facía a aqueles animais; logo sufriuno na súa pel de verdade. Libertad empezou a levar panos no pescozo para que non se lle viran as marcas do mal, a levar roupa longa e deixou de falar coa xente. Libertad fechouse nela.

Por sorte, Manuel botaba un mes en terra e tres no mar. No tempo no que estaba embarcado, Libertad empezou a desfrutar da súa propia vida, a mesma vida que antes de coñecer a Manuel lle parecía tan dura. Cantaba coas demais compañeiras, cantaba soa, cantaba no traballo, cantaba polos camiños. Encantáballe cantar. O mes que Manuel botaba na casa a voz de Libertad apagábase. A liberdade non ten límite, pero a paciencia si. A paciencia é a voz da conciencia, e esta tamén se apagara en Libertad.Cando unha está farta pode facer cousas que nunca imaxinaría. Un día que Manuel estaba batendo nas gatas, o que significaba que despois ía ela —os puteros sempre defenderon a orde—, Libertad colleu un anaco de rede, que gardara por se-la primeira rede que cosera xunto coa súa nai cando aínda era unha nena de sete anos, e botouna ó pescozo daquel home miserento que quedou atrapado como as merluzas que pescaba no Gran Sol. As redeiras son mulleres fortes e bravas; Libertad apertou con tódalas súas forzas e, a nai desde o outro mundo, apertou tamén. Logo diría: «se non fose polas gatas que se lle botaron enriba a Manuel, non o daría

conseguido». Non foi todo o mérito dela, si a idea, mais o mérito foi de todas. «Todas puxémo-lo noso gran de area, foi un traballo colectivo. Axudoume a miña familia». Libertad envolveu a Manuel nunha rede, meteuno na carretilla e chimpouno ó mar pola noite.

Polo día, apareceu Manuel aboiando no mar, inofensivo, mansiño, coitadiño. Todos sabían do putero e borracho que era, por iso decidiron que o que pasara fora que aquela noite chegara peneque a porto, estivera fodendo nas redes onde a súa muller traballaba, enredara de máis e caira ó mar. Desde ese día Libertad comezou a camiñar para atrás, dicía que na súa vida andara demasiado e agora había empezar a desanda-lo andado.

LUZ

Esta historia versa sobre a miña avoa, unha persoa perigosa e violenta. Sempre andaba en tódalas leas.

A miña avoa foi protagonista, entre outras mulleres, dunha revolta popular en Cangas. Chamábase Luz e traballou na antiga fábrica de conservas de Massó. Desde nova, durante o franquismo, para poder comer facía contrabando de teas que traía desde Portugal, envoltas ó corpo, co que ela chamaba o *génaro*.

No ano 1989 en Cangas, gobernaba o Partido Socialista con maioría absoluta. Á fronte do consistorio estaba Lois Pena, *O Bochechón*; puxéranlle ese alcume porque tiña unha bochecha moi grande, así inchada, como se mascara coca, como un deses andinos que alá no altiplano dos Andes mascan coca polo

mal das alturas, sabedes?, que de ir metendo máis e máis follas teñen a bochecha cada vez máis grande. Naquel ano, *O Bochechón* subira a contribución e iso foi o detonante que fixo que moitas mulleres, sobre todo as vellas da vila, se rebelaran con violencia. Entre elas, quen? A miña avoa. Saíron á rúa e acurralaron o alcalde e o grupo de goberno no Concello de tal xeito que cando conseguiron marchar, contra as

Luz ocupando o balcón do concello con máis manifestantes. É a cuarta persoa asomada desde a dereita

Páxina seguinte: Crónica do conflicto en A Nosa Terra *o 2 de marzo de 1989*

Cangas: de novo a guerra

Cinco meses longos do último conflito e a vila de Cangas despertou de novo, na mañanciña do 29, con violéncia policial contra os viciños que se opoñian as pas municipais. Na madrugada do dia anterior o polémico alcalde, Lois Pena, aproveitara as tebras da noite para introducir a paleadora na alameda, a cuxa destrución os viciños levaban opóndese desde habia várias semanas, mesmo facendo garda ante as obras. As protestas alcanzaron o cerre do comércio local e as concentracións continuadas de máis de tres mil persoas.

REPORTAXE GRAFICA: DELMI ALVAREZ

tres da madrugada, xa non volveron. A pesar de que a vila estivo tomada polos antidisturbios, non volveron máis. Cangas estivo un ano sen alcalde. Facíanse asembleas de veciños na alameda vella. Un ano sen alcalde e sobrevivimos; non nos matamos uns a outros, nin houbo saqueos, nin a vila era un caos... Foi a segunda ou terceira xuventude da miña avoa. Tivo tantas xuventudes que nunca chegou a vella, morreu de nova con noventa e tres anos.

Lembro cando eu estudaba en Compostela e andabamos metidos nas protestas contra a LOU, de seguro que moitos de vós tamén protagonizastes. Nunha desas típicas comidas familiares de domingo, que se facían sempre na casa da avoa, contei que aquela semana a policía cargara contra nós nunha das protestas que fixeramos. Os meus pais asustáronse, preocupáronse, pero ela levantouse da mesa sen dicir nada, marchou da cociña e ós tres minutos volveu cun pau que tiña unha corda envolta ó redor e espetoume:

—Dálle con isto nas costas, vas ver como marchan.

Cando facía este tipo de comentarios o meu pai sempre llo achacaba ás súas ganas de da-la nota nota.

Vou conta-lo día no que a miña avoa fixo o seu último acto revolucionario, e posiblemente o máis grande de todos; é por isto que a considero a persoa máis revolucionaria de Cangas, e iso é dicir moito. Pode que fose polo tanto unha das persoas máis revolucionarias a nivel mundial, ata o fin do seus días, porque converteu a súa propia morte nun acto de protesta, de boicot; fixo do seu finamento unha refinada sabotaxe contra a monarquía. Aínda que a xente diga que perdera a cabeza.

Acababa de cumprir noventa e tres anos e os tres últimos meses escoitaba voces, concretamente esas voces oíanse de noite, e concretamente situábanse debaixo da súa xanela e cantaban o *cara al sol*, que como xa era de noite a ela levouna a pensar, con bo criterio, que eran falanxistas que non a deixaban durmir. Isto detonou os acontecementos acaecidos despois. Tiña un plan orquestrado, aínda que logo dixeron que se lle foi o sentido e caeu ó mar. A miña avoa escribira unha partitura perfecta de como ían acontece-los feitos. Estabamos no ano 2013 e o rei anterior estaba en Cangas por unha regata na que participaba e saía

de alí. O rei Juan Carlos I era o herdeiro de Franco; Franco nomeárao rei. Á miña avoa os franquistas viñan foderlle o sono, e o sono para ela é sagrado. O rei viña navegar no Bribón, que significa segundo a RAE: «vivir en holgazanería picaresca. Que rehúsa del trabajo». O rei Juan Carlos I, por entón rei de España e Ceuta e Melilla, pero non de Gibraltar, volvía navegar no seu Bribón pola ría de Vigo. Resulta que cando viña o rei a navegar, contábame un amigo de Cangas, David, que tamén regatea, chegaban de súpeto un montón de barcos da mariña que compraban para as regatas, e outros que lles requisaban ós narcotraficantes e quedaban con eles. O conto é que ó final a xente que regateaba normalmente non entraba no corte da categoría do rei, porque viñan estes barcos que eran moito máis rápidos. Polo que o rei competía contra barcos amigos. Tamén dicía que viña toda unha comitiva deses barcos requisados ós narcos, ó lado da regata onde van os familiares dos militares bebendo e comendo a corpo de rei —nunca mellor dito—. Os narcos aínda dan para moito en Galicia, se non fora por eles, as regatas do rei non terían a categoría que teñen.

O día dos feitos levanteime de cama por primeira vez con trinta e tres anos, a idade de Xesucristo, como dicía a miña avoa que era moi católica. Ía a misa os domingos, a pesar de que os curas non lle gustaban nada; pode dicirse que esbardallaba contra eles e dábanlle noxo, e a pesar de todo ía a misa unha vez á semana, o que a facía máis católica se cabe, porque se che gustan os curas aínda vale, pero se non che gustan e segues indo a misa é por fe. A da *Fe* en Cangas é a funeraria que hai, para ir introducindo o tema, que son tamén os que teñen a fábrica de madeira, o serradoiro e logo ampliaron: cos excedentes comezaron a facer caixóns. O lema que tiñan era «mobles que duran toda a vida». Para a funeraria cambiárono: «Funerarias la Fe é o último que se perde». Pois ese día do noso señor, a miña avoa desapareceu.

Marchou de casa pola mañá, ía á casa da Bola a le-lo xornal tódalas mañás. E no camiño intermedio, que ten máis ou menos 400 metros entre a súa casa e a casa da Bola, desapareceu. Normalmente ía ás dez da mañá e ás once estaba na casa e poñíase a face-la comida. Ese día chamounos o meu avó sobre as doce

e media do mediodía dicíndonos que non volvera. Baixamos preocupados e fomos buscala á casa da Bola, pero dixéronnos que alí xa nunca chegara. Polo tanto isto significaba que levaba perdida desde as dez da mañá. Ela vivía co meu avó e perdeuse nun punto entre a súa casa e a casa da Bola. Preguntamos pola rúa á xente que a coñecía pero ninguén a vira. Entón fomos falar cos lagartos para denuncia-la desaparición, pero xusto ese día, co rei en Cangas, estaban a maioría ocupados, e como non pasara moito tempo, pois non lle deron importancia.

Entón saímos todos a buscala, avisamos ós seus veciños e percorremos mil veces o camiño entre a súa casa e a casa da Bola. Como era domingo estaba todo pechado. Nós tamén estabamos perdidos, non sabiamos moi ben onde buscar; pasaban as horas, neste tempo mandámo-lo meu avó a casa para que descansara porque xa é maior. Por sorte os veciños axudáronnos moito, buscámola por todo Cangas, preguntamos na estación de autobuses, pola zona da antiga fábrica de Massó, onde ela traballara, que era e segue sendo unha zona en ruínas, pensamos que

puidera caer, ou eu que sei, golpearse cunha rocha, pero nada. A miña avoa, como dicían, andaba mal da cabeza, aínda que xa sabéde-lo que penso, pero de pernas andaba fina.

Nun momento, xa pola tarde, como estaba coa teima da Guerra Civil, ó meu pai acordoulle que ela tiña un irmán que mataran na Guerra Civil, fora un dos mártires de Anguieiro, que era unha zona do monte onde, o 28 de agosto de 1936, once traballadores cangueses foron asasinados por parte de gardas civís. Das once execucións unha foi frustrada, porque este supervivente fuxiu ferido polo monte cara a Aldán e por mar nunha motora de pesca, pero, finalmente, foi alcanzado en Punta Subrido no Hío onde os seus perseguidores lle deron morte. Este mariñeiro que logrou fuxir en primeira instancia era Lao Ferreiro, irmán da miña avoa Luz Ferreiro, e mariñeiro e afiliado da CNT; matárono cando só tiña vinte e catro anos. En realidade, a miña avoa nunca quixo subir a aquel sitio, nin sequera pasar perto, de feito a estrada que leva a Bueu desde Cangas pasa perto daí, e as poucas veces que cadrou de ir coa miña avoa tiñamos

que meternos polo monte, por Hermelo, e logo tirar cara a Meiro para chegar a Bueu; ela nunca quixo achegarse a aquel sitio.

Placa do monolito erixido na memoria dos once mártires de Anguieiro no lugar da masacre

Un cando está desesperado, leva moito tempo buscando e non sabe xa onde buscar, busca en lugares coma ese, isto pasa en calquera busca, busques unha persoa ou unhas chaves. Chegamos alí e claro,

non estaba, chamámola, berramos, pero ninguén respondeu. O máis desesperante de todo era que como o rei competía na ría de Vigo, a vila estaba tomada pola garda civil pero os que buscabamos a miña avoa eramos civís, de verdade, sen a garda. Ante esta sinfonía de acontecementos, un perde a esperanza, e neste compás de espera chegaron as peores noticias e ás sete e vinte da tarde confirmouse que aparecera un corpo flotando no mar. Chamounos a Garda Civil, un veciño recoñecéraa, baixamos e efectivamente era ela.

A versión oficial é que se desorientara e caíra ó mar. Eu non era un home de fe, pero as avoas están por riba diso, porque nos detalles está a verdade. A miña tirouse ó mar en Punta Subrido, xusto onde mataran o seu irmán e Punta Subrido está perto de Cabo Home, a oito quilómetros de Cangas. Tivo que camiñar oito quilómetros para chegar a Punta Subrido, e non só era o sitio onde mataran o meu tio avó senón que tamén era un dos puntos polo que pasaba a famosa regata. Soubemos pola garda civil e logo pola tele que ó aparecer un cadáver no campo de regata tiveron

DIARIO DECANO DE LA PRENSA NACIONAL

FARO DE VIGO

www.farodevigo.es

Jueves, 29 de agosto de 2013

Suspendida la regata de vela en la que participaba, y dominaba, el Rey Don Juan Carlos I

La aparición del cuerpo sin vida de una vecina de Cangas en el recorrido fue la causa de la cancelación ▶ El monarca se encuentra bien

Según las primeras averiguaciones la vecina de Cangas L.FB., de avanzada edad, llevaba horas desaparecida de su domicilio, en estado de desorientación, precipitándose involuntariamente al mar en las proximidades de Cabo Hombre.

Su majestad lamentó no poder terminar la competición, en la que se encontraba en primera posición.

Pág. 2

Más de la quinta parte de los asalariados gallegos trabajan en las administraciones

El peso del empleo público supera en casi dos puntos a la media nacional

Uno de cada cinco asalariados en Galicia trabaja en el sector público. Concellos, diputaciones, Xunta y Gobierno central acolleron el 22,3% del empleo. Pese a los recortes, el porcentaje supera en casi dos puntos la media nacional. Galicia es la séptima comunidad con más peso del empleo público.

Pág. 19

El naval exige a Montoro "celeridad" para aclarar la devolución del viejo "tax lease"

Los astilleros advierten de que persiste la inseguridad jurídica mientras no se resuelva

Los astilleros exigen ahora máxima celeridad al Gobierno para concretar de una vez el monto de las ayudas a devolver de las antiguas bonificaciones. La Naval de Sestao, el mayor del País Vasco, denunció la pérdida de un buque de 100 millones por la "incertidumbre".

Pág. 27

Solo los molinos se salvan de la devastación del paraje natural de O Folón

La emblemática reta natural de los molinos de O Folón, en O Rosal, quedó totalmente devastada por el fuego. El hermoso y singular paraje en ahora cenizas. Milagrosamente se salvaron los 67 molinos, de los siglos XVII y XVIII, reconstruidos hace dos décadas y declarados bien de interés cultural. En la imagen, el desolador paisaje.

El gobierno vigués y los empresarios reclaman el vuelo a Bruselas como "obligado servicio público"

Vigo es la única ciudad con una agencia de la UE sin esta ruta

Pág. 3

Dos nuevos fuegos nocturnos en Gondomar y Tomiño

El monte Tetón, en llamas desde las 22 horas ▶ El incendio en la Serra da Groba sigue vivo por los rebrotes

Las llamas no dan tregua en O Baixo Miño. Con el incendio en la Serra da Groba, desde Oia a O Rosal y Tomiño, todavía vivo aunque estabilizado, otros dos nuevos fuegos asolan la zona. Y de nuevo de noche. Al filo de las 22 horas de ayer prendía uno en el monte da Resada, en la parroquia de Cosmo en Gondomar, y otro en el monte Tetón, en Tomiño, que según testigos presenciales avanzaba hacia Tui. La Xunta corrigió al alza la superficie quemada en A Groba de 1.200 a 1.850 hectareas.

Pags. 15 a 17

SUMARIO

La OTAN avala el ataque a Siria y la ONU pide tiempo para investigar el uso de armas químicas

/ Págs. 24 y 25

Competición castiga a Oubiña con un partido de sanción

Pags. 36 y 37

ÍNDICE

La mejor oferta informativa y de ocio del verano

Todos los sábados con FARO DE VIGO

La revista por solo 0,50 € + periódico del día

I JUEVES

OFERTAS ESPECIALES EL ÚLTIMO JUEVES DE CADA MES

OUTLETUI

Portada do Faro de Vigo *do 29 de agosto de 2013 reproducindo a versión oficial*

que suspendela. E logo soubemos por un regatista de Darbo, que participaba nun deses barcos, que o barco que primeiro viu o cadáver foi o Bribón, o barco que ía de primeiro nesa regata. O rei atopouse de fronte coa miña avoa e nunca gañou a regata.

Aí souben que aínda morta ela seguía levando a batuta. Boicoteara a regata do rei. Un metrónomo da acción directa que sabía cal era o momento preciso para perpetrar un feito, para actuar. Unha activista máis alá da vida, un acto revolucionario desde o outro mundo. A persoa máis revolucionaria que coñecín nunca, Luz González; agora anda coa música noutra parte.

FIN

Este libro rematouse de imprimir
o 21 de novembro de 2022,
corenta e sete anos despois
de que *A Cabuja* emprendese
a súa última viaxe.

Dedico estes contos ós
martires de Anguieiro
e a todas aquelas persoas
que posibilitaron a súa loita
por un mundo máis xusto.